



Figura 3.- Esquema da distribución funcional da superficie cerebral (debuxo superior: superficie externa; debuxo inferior: superficie medial). As neuronas desas áreas forman parte de circuitos que se estenden á parte profunda do cerebro e conectan entre si. Nas tarefas verbais ten predominancia o hemisferio cerebral esquerdo e nas visoespaciais, o dereito.

AEV = zona en que se asocia información auditiva, espacial e visual. **g** = área gustativa. **L-e** = linguaxe-expresión (elaboración gramatical do discurso). **L-c** = área esencial para a comprensión da linguaxe falada.

* : Circuitos neuronais que parten do hipocampo (**H**) e da amígdala cerebral (**A**), importantes para controlar a memoria de corto prazo e as respostas emocionais, respectivamente.